MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)
Alcalde do Porriño
Data de Sinatura: 21/09/2026
HASH: 23146b08ce4b892bd44f6fe58ef452b

CONCELLO DO PORRIÑO

BANDO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE BARRAS DE BAR NO EXTERIOR

FESTAS DO CRISTO 2026

Ao obxecto de regular adecuadamente o uso e a utilización da vía pública que, con carácter extraordinario, se vai realizar durante as Festas do Cristo 2026 por parte dos hostaleiros do concello do Porriño mediante a colocación de barras portátiles ou de calquera outra instalación portátil no exterior do local para o exercicio do seu negocio, e en exercicio das facultades de ordenación, policía e xestión do dominio público que corresponden a esta Alcaldía en virtude do disposto nos artigos 21.1.f) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, dítanse as seguintes normas de obrigado cumprimento:

1. Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente bando ten por obxecto regular a instalación de barras de bar ou instalacións portátiles similares no exterior dos establecementos hostaleiros do concello do Porriño, con motivo das Festas do Cristo 2026, así como fixar as condicións técnicas, de seguridade, de accesibilidade e de uso que deben cumprir ditas instalacións.

2. Persoas destinatarias.

Poderán solicitar a autorización regulada neste bando os titulares de establecementos hostaleiros do concello do Porriño.

3. Ámbito temporal.

Só se autorizará a instalación durante os días 25, 26, 27 e 28 de setembro e o 2, 3 e 4 de outubro de 2026.

4. Solicitude e documentación.

As persoas interesadas deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Plano ou croquis de situación da instalación solicitada, con indicación das dimensións e da superficie de ocupación da vía pública.

Cod. Validación: 376P73Y2PKLAACP5TEQHDDDG5
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

- Declaración responsable do cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria aplicable á elaboración e venda de comidas e bebidas.

5. Prazo e forma de presentación.

Os titulares dos establecementos de hostalería deberán solicitar, antes do 24 de setembro de 2026, a instalación pretendida e os metros que pretenden ocupar. A solicitude e a documentación indicada poderán presentarse por correo electrónico ao enderezo **secretaria.info@oporrino.org** ou ben mediante rexistro electrónico na sede electrónica do Concello do Porriño, a través de instancia xeral.

As solicitudes presentadas fóra de prazo ou sen a documentación esixida poderán ser inadmitidas, sen prexuízo de que se poida requirir a súa emenda cando proceda.

6. Condicións técnicas e de seguridade.

Só se poderán colocar aquelas instalacións que cumpran as seguintes condicións:

- Condicións de seguridade, especialmente en materia de riscos eléctricos e debida solidez, así como de ornato.
- Non dificultar a circulación viaria nin peonil.
- Contar cun extintor de eficacia mínima adecuada ao tipo de instalación, en condicións de uso.
- Non se permitirá almacenar nin apilar produtos, materiais ou residuos xunto ás instalacións.

7. Accesibilidade e vías de evacuación.

As instalacións deberán respectar en todo momento un itinerario peonil libre e accesible, sen invadir vaos, pasos de peóns nin reservas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, conforme á normativa autonómica en materia de accesibilidade. Así mesmo, non poderán obstaculizar as saídas de emerxencia dos edificios, os hidrantes contra incendios nin os equipos de protección contra incendios existentes na vía pública.

8. Prohibición de anclaxes.

Cod. Validación: 376P73Y2PKLAACP5TEQHDDDG5
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

Non se permitirán ancoraxes no pavimento, no arboredo nin no mobiliario urbano existente.

9. Materiais prohibidos

Queda totalmente prohibido expender bebidas en vasos, botellas ou calquera outro recipiente de vidro para o seu consumo no exterior do local, así como calquera outro elemento cuxa rotura poida producir riscos sobre a integridade física dos cidadáns, debéndose utilizar exclusivamente utensilios reciclables de plástico ou material similar.

10. Horario.

O horario máximo de peche dos locais e das instalacións situadas no seu exterior será o que corresponda segundo o establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e demais normativa autonómica que resulte de aplicación.

11. Limpeza e xestión de residuos.

As persoas responsables dos establecementos estarán obrigadas á limpeza dos espazos ocupados e das zonas adxacentes á instalación, debendo dispor de recipientes axeitados para a recollida selectiva de residuos, incluíndo un contedor específico para vidro, e proceder á súa recollida ao remate de cada xornada.

12. Concorrencia de solicitudes.

No caso de que dous ou máis establecementos colindantes soliciten a ocupación do mesmo tramo de vía pública, o espazo dispoñible distribuirase de forma equitativa entre os solicitantes, sen prexuízo da facultade municipal de establecer outro criterio motivado en atención ás circunstancias concretas do lugar.

13. Facultades da Administración municipal.

O Concello do Porriño resérvase a facultade de denegar, modificar, limitar ou suspender cautelarmente, en calquera momento e por razóns de seguridade, orde público, accesibilidade ou necesidades do servizo público —incluíndo o paso de comitivas, desfiles ou actos oficiais das Festas do Cristo 2026—, as autorizacións concedidas ao abeiro deste bando, sen dereito a indemnización algunha.

14. Incumprimento.

Cod. Validación: 376P73Y2PKLAACP5TEQHDDDG5
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

O incumprimento do disposto neste bando, así como das condicións concretas fixadas na autorización correspondente, poderá dar lugar á adopción de medidas cautelares, incluída a orde de retirada inmediata da instalación, sen prexuízo da incoación, se procede, do correspondente procedemento sancionador conforme á normativa sectorial e xeral que resulte de aplicación.

15. Responsabilidade.

As persoas titulares das instalacións serán responsables dos danos que, por causa da instalación ou do seu uso, se poidan ocasionar a terceiros ou aos bens de dominio público, sen prexuízo da cobertura do seguro de responsabilidade civil esixido no punto 4 deste bando.

O Alcalde Presidente do Concello do Porriño.

Cod. Validación: 376P73Y2PKLAACP5TEQHDDDG5
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4